

MATEMÁTICAS II

Criteriaos xerais de avaliación – ABAU 2024

1. A proba de *Matemáticas II* constará de oito preguntas, dúas de cada un dos catro bloques da materia: Números e Álgebra, Análise, Xeometría e Estatística e Probabilidade.
Das oito preguntas, o estudante poderá responder a un máximo de cinco. Todas terán o mesmo valor, é dicir, cada unha terá un valor máximo de 2 puntos.
2. As respostas deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación nese apartado será de cero puntos.
3. Permitirase o uso de calculadoras científicas non programables e que non teñan capacidade gráfica.
4. Facilitarase a táboa da distribución normal $N(0,1)$ que dá as probabilidades $P(Z \leq k)$ para valores de k de 0 a 4, de centésima en centésima.
5. No desenvolvemento dos exercicios, valorarase:
 - a. A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
 - b. A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
 - c. A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
 - d. A interpretación da solución dos exercicios.